


Asociación Cultural
para a recuperación do
Títere Tradicional Galego

Museo do Pobo Galego:
San Domingos de Bonaval
15703 Santiago de
Compostela
Tel: 652807742
info@barrigaverde.eu
[@proyectobarrigaverde](https://www.barrigaverde.eu)
www.barrigaverde.eu

BARRIGA VERDE



≡ *de feira en feira* ≡

exposición

“Barriga Verde, de feira en feira”

AC Morreu o demo

A exposición pretende mergullar os visitantes no fantástico mundo no que naceu Barriga Verde, o último monicreque popular galego. Ao longo das súas tres salas propónse un percorrido polo mundo no que se desenvolveu este espectáculo, o das feiras tradicionais, acontecemento festivo por excelencia en Galicia até a década de 1960. Asímesmo, condúcenos polas bambalinas da barraca para coñecer os segredos dos títereiros que fixeron posíbel a maxia destes títeres até a súa desaparición, case ao mesmo tempo que aquelas feiras que aínda lembran os nosos maiores, de cando o cinema e a televisión aínda non eran as principais fábricas de soños.

Trátase dunha proposta expositiva moi visual e que quere involucrar todos os sentidos. O público pode tocar, ulir, escoitar e mesmo saborear os elementos que a compoñen.

Ao longo do percorrido, as persoas visitantes son convidadas a reflexionar sobre a sorte que este tipo de expresións da cultura popular están destinadas a correr, se non o evitamos: o esquecemento e a substitución por referentes importados. Deste xeito, a exposición pretende animar o/a espectador/a ao sumarse ao traballo contra ese proceso de negación do noso pasado, a través da acción: colaborando co proxecto impulsado pola Asociación Cultural Morreu o Demo.

A exposición está destinada a un público familiar. Porén, acompañada dunha guía didáctica e apoiada no web do proxecto e das actividades vencelladas (obradoiros, proxeccións, coloquios...), servirá como base para desenvolver actividades co alumnado dos últimos cursos de Primaria e da ESO nos propios centros de ensino.

A produción, deseño e realización correrán a cargo da Asociación Morreu o Demo para a recuperación do Títere Tradicional Galego.

Contidos:

Sala 1. O mundo das feiras

- A través de textos, vídeos e fotografías, introdúcese a/o visitante na historia das feiras en Galicia:
 - A esencial función económica e de relacionamento que xogaron no mundo rural galego.
 - A orixe das atraccións de feira. Dende os xogares e saltimbancos medievais e os músicos ambulantes, e cegos dos monifates, vendedores de libros de cordel, etc.
 - Evolución tras a industrialización en Europa: primeiros parques de atraccións. Influencia nas feiras galegas. .
- Recreación dunha feira tradicional, con postos de artesanía, atraccións e músicas propias deste tipo de celebracións.

Sala 2. Raíces de Barriga Verde: a tradición europea

- Hipóteses sobre a orixe prehistórica das marionetas. Antigüidade clásica.
- Os títeres durante a Idade Media. Os bonecreiros ambulantes.
- Orixe de Pulcinella e a súa influencia no teatro popular de títeres europeo.
- O cego de Brocos. O cancionero de Casto Sampedro. Os bululús e as artes dos camiños.
- Evolución da tradición europea tras a Revolución Industrial...
- Mostra de marionetas orixinais da tradición europea de títeres de cachaporra. (préstamos do Museo de Marionetas do Porto e do TOPIC de Tolosa)

Sala 3. O espectáculo

- Paneis explicativos sobre a biografía da familia Silvent, creadora de Barriga Verde. Características técnicas do espectáculo e das escenas representadas. .
- Mostra de elementos auténticos do espectáculo, cedidos pola familia Silvent: dintel da barraca, marionetas orixinais da familia Silvent, elementos da escenografía. Cámara de cinema mudo.
- Recreación dun teatriño tradicional de monicreques, con bonecos para a participación do público visitante.
- Proxección de entrevistas con membros da familia Silvent, recreando unha proxección de cinema ambulante.

Calendario:

- LUGO, SALA DE EXPOSICIÓNS DO PAZO DE SAN MARCOS (12 de setembro/15 de outubro de 2014)
- SANTIAGO DE COMPOSTELA, MUSEO DO POBO GALEGO (4 de novembro de 2014/15 de xaneiro de 2015)
- PONTEVEDRA, PAZO DA CULTURA (15 de abril / 31 de maio de 2015)
- Pendente de confirmar presenza en Ourense o outras localidades.

Ficha técnica

Produción, textos e documentación: Comba Campoy

Deseño e ilustracións: Heitor Real (O Clube)

Construción e restauración de pezas recreadas: Anxo García

Construción paneis: Armindo Salgueiro e Antón

Edición vídeo: HCorrecaminhos

Fotografías: Xulio Balado.

Comunicación: Germám Hermida

Seguro: Artai

Transporte de arte: ArtecargoPLus

Instalación de son: GUHZI

Montaxe: Viravolta

Impresión:

Arquivos:

Museo do Pobo Galego, Arquivo Provincial de Lugo, Arquivo Municipal de Lugo, Arquivo Pacheco-Concello de Vigo, familia Silvent, Carlos Valcarcel, Concello de Lalín, Tintimán Audiovisual, Ouvirmos, Arquivo do Patrimonio Oral e Inmaterial (APOI), AC. Cedofeita (Lérez), José Guitián.

Empréstimo pezas:

Alfonso Silvent, TOPIC, Museu da Marioneta do Porto, Marcelo Martínez, Museo do Pobo Galego, Museo Galego da Marioneta.

Agradecementos:

Alfonso e Mary Silvent, Museo do Pobo Galego, Ángel Utrera, Agustín Vázquez, José Guitián, Carlos Valcarcel, Juan Silvent, Isabel Barros, Idoya Otegui, Fuco Sangiao.

**Asociación Cultural
para a recuperación do
Títere Tradicional Galego**

Museo do Pobo Galego:
San Domingos de Bonaval
15703 Santiago de
Compostela
Tel: 652807742
info@barrigaverde.eu
@proyectobarrigaverde
www.barrigaverde.eu

ANEXO

A AC Morreu o Demo

En 2010 cumpríronse cen anos da chegada de José Silvent, o pai de Barriga Verde, a Galiza. E a pesar de que os seus bonecos de luva acadaron grande popularidade no noso país, ningunha institución conmemorou esta data. A cultura popular de transmisión oral poucas veces é merecedora de grandes fastos. E porén, Barriga Verde pervive aínda na memoria de moitas persoas maiores de 50 anos. Quen non escoitou a frase “Morreu o Demo, acabouse a peseta”? Era a que marcaba o remate da función na barraca. As tramas representadas por Silvent e os outros “barrigas verdes” que foron xurdindo na Galiza até 1960 eran sinxelas e eficaces. Nelas, o protagonista sempre se enfrontaba aos representantes da autoridade, e sempre gañaba. Ademais, facíao en galego. Esta expresión da cultura popular, a derradeira dos títeres tradicionais no noso país, forma parte dunha tradición antiquísima e que se estende por toda a Europa. Barriga Verde é o curmán galego do Pulcinella napolitano ou do Guignol lionés.

A finais de 2012, persoas que levabamos xa tempo traballando neste ámbito constituímos a Asociación Cultural Morreu o Demo para a recuperación do títere tradicional galego. Entre os promotores desta iniciativa está Xaime Iglesias, autor da primeira biografía de Xosé Silvent, membros de Viravolta Títeres, que recuperou a obra de Barriga Verde e de Tintimán Audiovisual, que desenvolveu o documental *Morreu o Demo, acabouse a peseta*.

Algúns dos nosos obxectivos son:

- Recuperar a Barriga Verde como títere de luva da tradición europea incorporando o personaxe ao imaxinario social das novas xeracións en Galicia, do mesmo modo que están recoñecidos Guignol en Lyon ou Pulcinella en Nápoles.
- Xerar contacto interxeracional e recuperar a memoria do personaxe a través do diálogo entre persoas mozas e maiores.
- Aproveitar a figura de Barriga Verde para desenvolver actividades de dinamización local, sobre todo nos contextos máis vinculados á figura.
- Reivindicar a importancia dos títeres, tanto dos tradicionais como dos contemporáneos, e poñelos en contacto, favorecendo o intercambio estético e de públicos.
- Reclamar as feiras populares como espazos de ocio e de intercambio cultural.

A exposición e o Proxecto Barriga Verde

O Proxecto Barriga Verde é a primeira iniciativa da AC Morreu o Demo. O principal obxectivo deste proxecto, no cal se insire a exposición que aquí presentamos é voltarlle vida a este personaxe do títere tradicional galego. Queremos valorizar este elemento da nosa cultura popular, que hoxe sobrevive na memoria da xente, e traelo de volta á actualidade. Queremos que a sociedade galega coñeza a Barriga Verde e que poida desfrutar de novo das súas aventuras, que conectan xeracións e países por toda Europa. A nosa idea, para alén do imprescindible traballo de recuperación da memoria, é adaptar este títere aos tempos e soportes actuais. Neste sentido facemo sunha clara aposta polas tecnoloxías da información e da comunicación como un xeito ineludíbel de manter vivo a Barrig aVerde para as xeracións que veñen.

No marco deste amplo proxecto que aínda está a comezar, a exposición Os Mundos de Barriga Verde cumpre un papel fundamental en varios eixos.

- A mostra, pola súa magnitude, supón unha auténtica posta de longo do proxecto ante a sociedade e os medios de comunicación, amosando que falamos dun proxecto ambicioso e con vontade de permanencia na sociedade galega.
- Ao se desenvolver en Museos e espazos culturais recoñecidos, e co apoio de institucións que se destacan pola súa contribución á cultura do país dota de prestixio e valoriza esta manifestación cultural popular e a memoria sobre a mesma.
- Consonte o sinalado, prevese un amplo alcance mediático e de público desta actividade. Neste sentido, a exposición supón un amplificador ineludíbel para que a sociedade galega coñeza o personaxe de Barriga Verde e a súa historia.
- A exposición pretende servir como un dos múltiples focos desde os cales se animará á recuperación da memoria sobre os títeres e as festas populares. Así, pretende ser unha vía fundamental para a compilación de testemuños e datos que se almacenarán e se difundirán vía web.
- O proxecto de mostra e o catálogo correspondente pretenden transformarse en elementos de referencia á hora de falar de Barriga Verde. Dese xeito, con esta actividades estamos a xerar unha base ata o de agora pouco menos de inexistente para futuras investigacións.
- A difusión e o coñecemento xerado con esta exposición servirá como un primeiro paso para iniciar proxectos de actualización do personaxe mediante novos soportes e diferentes actividades divulgativas. Nesa segunda fase buscarase favorecer a participación social masiva nos procesos de recuperación e difusión do títere.

Outras propostas xa desenvolvidas no marco do proxecto.

Libro-DVD: Morreu o Demo, acabouse a peseta

A AC Morreu o Demo correu, coa colaboración de Urco Editora e Tintimán Audiovisual, coa edición do documental dirixido por Pedro Solla. O filme fai un percorrido sobre o proceso de recreación da barraca de Barriga Verde por parte de Títeres Viravolta ao tempo que amosa a parentela europea do títere galego por excelencia. A edición, lexendada en sete idiomas conta con varios artigos sobre estas cuestións e cun mapa que amosa a evolución dos títeres europeos.

Libro: José Silvent Martínez. O mítico Barriga Verde

Editado por Urco Editora en colaboración co Concello de Pontevedra, esta obra de Xaime Iglesias é a primeira biografía sobre José Silvent, titiriteiro que introduciu o personaxe de Barriga Verde en Galicia e que o fixo popular en boa parte do país. Fotografías, múltiples datos inéditos e unha extensa bibliografía permiten unha primeira achega ao personaxe e ao home que estivo detrás do títere.

Exposición didáctica: Onde foi Barriga Verde?

Unha exposición en paneis de lona pensada para se levar facilmente a centros de ensino, bibliotecas e outros espazos. Na mesma explícase de xeito sinxelo e didáctico, as bases sobre quen era barriga verde, como era a vida dos titiriteiros ou a importancia de manter a memoria dos saberes tradicionais, entre outras cuestións. A mostra complementábase cunha completa guía didáctica que permite un achegamento máis fondo por parte dos máis novos á exposición.

Charlas, obradoiros, proxecciones e actividades

Canda a estes materiais, a AC Morreu o Demo está a desenvolver, ao longo deste 2013, unha intensa actividade divulgativa que inclúe proxecciones do documental, presentacións dos libros, conferencias sobre os mundos títeres ou a participación en diferentes foros especializados sobre o mundo do títere ou no Café da Memoria que organizou co Museo do Pobo Galego sobre o tema dos titiriteiros.

A **AC Morreu o Demo** mantén unha estreita colaboración con **Títeres Viravolta**, compañía que recreou o espectáculo de Barriga Verde e mais a barraca Melodías de España de José Silvent e que leva anos a representar o espectáculo por todo o país. A obra está dispoñíbel en combinación coas diferentes actividades da compañía.